Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 15 DE XANEIRO DE 2025 | MIÉRCOLES, 15 DE ENERO DE 2025 | BOP NÚMERO 9

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Xestión Tributaria

Aprobación definitiva do expediente de modificación das ordenanzas fiscais n.º 6, 52 e 55

ANUNCIO

Por acordo do Pleno deste Concello de data 18.11.2024 aprobouse, provisionalmente, a modificación das seguintes Ordenanzas:

- Ordenanza Fiscal nº 6 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos sólidos urbanos.
- Ordenanza Fiscal nº 52 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Ordenanza Fiscal nº 55 reguladora do imposte sobre construcións, instalacións e obras

En cumprimento do establecido nos artigos 17.1 e 17.2 del RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, en diante TRLRFL, o acordo provisional estivo exposto ao público durante trinta días hábiles no taboleiro de edictos do Concello, foi publicado no B.O.P. nº 223 o día 19.11.2024 e en tres diarios de maior difusión da provincia.

Durante o citado período de exposición pública non se presentaron reclamacións, polo que, en aplicación do establecido no artigo 17.3 do TRLRFL, elevase a definitivo o acordo de aprobación provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

En consecuencia, e en virtude do establecido no artigo 17.4 do TRLRFL, faise pública a aprobación definitiva dos expedientes de modificación de ordenanzas fiscais así como o texto íntegro das modificacións nos termos previstos no Anexo. **Faise constar expresamente que as modificacións aprobadas entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP.**

Contra o anterior acordo, elevado a definitivo, e de conformidade co previsto no artigo 19.1 do TRLRFL en concordancia co artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa, os interesados poderán interpor recurso contencioso – administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente

A Coruña, a 9 de xaneiro de 2025

O concelleiro delegado da Area de Economía e Planificación urbana

Jose Manuel Lage Tuñas

Número de anuncio 2025/105

ANEXO :

MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 6, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DA CORUÑA

"DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Para o primeiro trimestre seguinte á entrada en vigor da ordenanza, aplicarase de oficio unha redución do 10 % na tarifa para vivenda prevista no artigo 5 B.1.".

MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 52, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

"ARTIGO 5. BONIFICACIÓNS

1. Os vehículos históricos e todos aqueles que a 31 de decembro de 2015, teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecese, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar, gozarán dunha bonificación do 100% da cota incrementada do imposto. Os suxeitos pasivos ou os seus representantes poderán solicitar a concesión da bonificación acreditando a data de fabricación ou primeira matriculación por medio dunha copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou o certificado do fabricante ou de Industria respecto da data en que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. O peticionario deberá xustificar, así mesmo, estar ao corrente do pago do imposto mediante a exhibición dos recibos dos últimos catro exercicios, ou certificado equivalente.

2. Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, gozarán nos termos que se dispoñen nos seguintes apartados dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:

A) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 60% na cota do imposto durante o exercicio no que se produce a matriculación e o seguinte.

Que se trate de vehículos de motor eléctrico e/ou de emisións nulas. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 60% da cota, durante o exercicio no que se produce a matriculación e o seguinte.

B) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno e GLP ou mixtos GLP-gasolina en motores de ciclo OTTO, tanto implantados de fábrica como posteriormente, sempre certificando a súa implantación por organismos ou empresas homologadas para o devandito fin. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 60 % durante o exercicio no que se produce a matriculación e o seguinte

Para poder gozar das bonificacións a que se refire este apartado 2 do presente artigo, as persoas interesadas deberán instar a súa concesión presentando a ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa dos requisitos. En todos os supostos, se se desexa que a bonificación produza efectos no mesmo período impositivo en que se produce a matriculación, a solicitude deberá presentarse no prazo dun mes desde a matriculación. En caso de que a solicitude se presente con posterioridade, a bonificación producirá efectos para o período impositivo seguinte á data de presentación da dita solicitude, e non alcanzará as cotas xeradas con anterioridade a esta. As bonificacións reguladas no presente artigo non son aplicables simultaneamente. No caso de que o suxeito pasivo teña dereito a dúas ou mais, gozará da mais alta."

MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL Nº 55 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIONS E OBRAS

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE, COTA E XERACIÓN DO IMPOSTO

1. A base impoñible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base impoñible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, se é o caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

Número de anuncio 2025/105

2. A cota do imposto será o resultado de lle aplicar á base impoñible o tipo de gravame.

3. O tipo de gravame será o 4%.

4. O imposto xérase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se presentou unha comunicación previa ou declaración responsable, ou no seu caso non se obtivese a correspondente licenza.

ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS

1. As construcións, instalacións ou obras que teñan por obxecto a implantación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo, gozarán dunha bonificación do 95% sobre a cota do imposto, de acordo cos seguintes criterios:

- Se a construción, instalación e obra a realizar está destinada exclusivamente á instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo, para o cálculo da cota tomarase en consideración o orzamento total da obra. No resto de construcións, instalacións e obras, unicamente computaranse para o cálculo da cota con dereito a bonificación as partidas correspondentes á instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. Para iso será necesario que o orzamento se presente desagregado na parte que corresponda a devanditas obras.
- Deberá acreditarse a homologación, por parte da administración competente, dos sistemas implantados.
- En todo caso para a aplicación desta bonificación non se terán en conta as construcións, instalacións e obras cuxa instalación sexa preceptiva de acordo co Código Técnico da Edificación (CTE) ou outras normas vixentes na materia.

As solicitudes serán enviadas desde o Departamento de Facenda e Xestión de Tributos aos Servizos Municipais de Medio Ambiente, xunto co Proxecto técnico das instalacións solares asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, no que virán xustificados todos os aspectos definidos nesta ordenanza incluíndo o orzamento de execución material no que se especifiquen os custos detallados dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo, a fin de que poidan efectuar as comprobacións necesarias para emitir o informe sobre a súa concesión. A resolución corresponde á Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións outorgadas por esta.

2. As obras de reforma de edificacións xa existentes que se realicen co fin de favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, gozarán dunha bonificación do 90% da cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación a que se refire o parágrafo anterior, de acordo coas seguintes regras:

- Tomarase en consideración o orzamento total da obra para o cálculo da cota, sempre que a obra a realizar estea destinada unicamente á adaptación do edificio para favorecer as condicións de acceso e habilitabilidade dos discapacitados.
- No caso de que as obras estean destinadas á reforma da edificación, comprendendo no orzamento máis partidas ademais da adaptación de devandita edificación para favorecer as condicións de acceso e habilitabilidade dos discapacitados, unicamente computaranse para o cálculo da cota con dereito a bonificación as partidas correspondentes. Para iso será necesario que o orzamento se presente desagregado na parte que corresponda a obras que favorezan devanditas condicións. Documentación: Orzamento total da obra desagregado na parte que corresponda a devanditas obras

As solicitudes serán enviadas desde o Departamento de Facenda e Xestión de Tributos, coa documentación que as acompaña e un informe respecto do cumprimento das condicións establecidas na presente ordenanza, aos Servizos Municipais de Urbanismo que, valorando as reformas que se propón realizar, formularán informe sobre a súa concesión. A resolución corresponde á Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións outorgadas por esta.

3. Gozarán dunha bonificación do 50% sobre a cota, as construcións, instalacións ou obras de nova planta referentes a las vivendas de protección oficial.

4. Ao amparo do disposto no apartado a) do artigo 103.2 do texto refundido da lei Reguladora das facendas Locais, as construcións, instalacións ou obras que se declaren de especial interese ou utilidade municipal, sempre que se cumpran os requisitos substanciais e formais que se establecen nesta ordenanza, gozarán dunha bonificación do 70% na cota do imposto.

Decláranse de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, aos efectos de goce da bonificación a que se refire o parágrafo anterior, as construcións, instalacións e obras que se executen en terreos cualificados urbanísticamente como dotacionais ou dotación de viario, sempre que se promovan directamente por unha entidade de carácter público de propiedade municipal, ou por unha sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade municipal.

Número de anuncio 2025/105

5. Gozarán dunha bonificación do 70% na cota do imposto, ao amparo do disposto no apartado a) do artigo 103.2 do texto refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, as construcións, instalacións ou obras que se declaren de especial interese ou utilidade municipal, ao concorrer circunstancias de fomento de emprego, e que sexan promovidas por persoas emprendedoras. Aos efectos deste apartado considéranse emprendedoras a aquelas persoas físicas ou xurídicas que se atopen realizando unha actividade empresarial ou profesional con ata 24 meses de antigüidade ou ben os trámites previos para poder desenvolver unha actividade económica, sexa de forma autónoma, como autónomo, cooperativista, socio ou socia dunha pequena e mediana empresa, sociedade laboral, ou a través de calquera fórmula empresarial admitida en dereito, que teña domicilio social e fiscal en Galicia. Non se consideran persoas emprendedoras aquelas que se encontren nos supostos regulados no artigo 4 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

O importe da bonificación a que se refire este apartado non poderá exceder, en ningún caso, de 2.000 euros.

Así mesmo, esta bonificación unha vez gozada para un feito impoñible, só poderá gozarse para os seguintes, respecto dos mesmos contribuínte e inmoble, se transcorreran dous anos desde a finalización das obras que foron obxecto da citada bonificación.

6. Ao amparo do disposto no apartado a) do artigo 103.2 do texto refundido da lei Reguladora das facendas Locais, as construcións, instalacións ou obras que se declaren "de especial interese ou utilidade municipal" , por concorrer circunstancias culturais e histórico-artísticas que se establecen nesta ordenanza, gozarán dunha bonificación do 50 % na cota do imposto. Decláranse "de especial interese ou utilidade municipal" por concorrer circunstancias culturais e histórico-artísticas, para os efectos do goce da bonificación a que se refire o parágrafo anterior, as obras que impliquen unha posta en valor dos inmobles catalogados con uso característico residencial vivenda, tanto do Plan Especial de protección e reforma interior da Cidade Vella e Pescadería 2015 (PEPRI 2015) como do Plan Xeral de ordenación municipal 2013 (PXOM 2013), e que se inclúan dentro das definicións de:

- obras de conservación, restauración, reestruturación total ou ampliación sen baleirado, do PXOM 2013.
- obras de conservación, restauración, rehabilitación, reestruturación parcial con respecto aos caracteres determinantes da catalogación e mantemento do sistema estrutural, reestruturación xeral na que se recupere a tipoloxía arquitectónica alterada ou ampliación contemplada no plano de alzados, do PEPRI 2015. Tamén se declaran de especial interese ou utilidade municipal no ámbito PEPRI aquelas obras de conservación parcial que impliquen a posta en valor de elementos catalogados definidos de modo singularizado na ficha de catálogo do edificio.

O Servizo de Xestión Tributaria enviará as solicitudes ao Departamento de Licenzas quen emitirá informe sobre o axuste das obras proxectadas ás definidas no parágrafo anterior, e concluirá con proposta de concesión ou denegación.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación por maioría simple.

7. Bonificación do 25% cando a cualificación enerxética do edificio mellore en como mínimo 1 categoría: p.ex. de B a A, de D a C, de G a F, etc.

8. Bonificación do 50% cando a cualificación enerxética do edificio mellore en como mínimo 2 categorías: p.ex. de D a B, de G a E, etc.

A aplicación da bonificación dos apartados 7 e 8 debe cumprir os seguintes requisitos:

- A obra realízase na vivenda habitual do suxeito pasivo ou en comunidades de propietarios.
- Débese aportar a Etiqueta de "Cualificación de eficiencia enerxética" do edificio existente ou parte do mesmo.
- Non será válida a Etiqueta de "Cualificación de eficiencia enerxética" do Proxecto, senón que será requirida co resultado final do proceso de rehabilitación.
- A bonificación por estes conceptos será incompatible co resto das bonificacións.
- A obtención da certificación enerxética está regulada polo Real decreto 390/2021, de 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, ou normativa que o substitúa.

Normas comúns de aplicación ás bonificacións recollidas neste artigo:

- As bonificacións establecidas nos apartados anteriores terán carácter rogado, podendo solicitarse dentro do prazo previsto no artigo 7.2 desta ordenanza, para a presentación da autoliquidación do imposto, ou no momento de solicitar a licenza ou presentar a comunicación previa. A persoa obrigada tributaria poderá practicar a autoliquidación aplicando a bonificación solicitada e condicionada, segundo os casos, ao acordo do pleno ou da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións outorgadas por esta.

Número de anuncio 2025/105

- Se fora denegada a bonificación ou resultase inadecuada a porcentaxe de bonificación aplicada pola persoa obrigada tributaria na autoliquidación presentada, procederase a xirar de oficio liquidación provisional sen a bonificación ou coa porcentaxe que proceda e cos xuros ou recargas que correspondan, todo iso sen prexuízo das sancións ás que houbera lugar se se apreciase a existencia de infracción tributaria.
- Non procederá a concesión de bonificación algunha para aquelas construcións, instalacións ou obras respecto das que non se solicitara o beneficio fiscal nos prazos establecidos neste artigo.
- A concesión de calquera beneficio fiscal non prexulgará a legalidade das construcións, instalacións ou obras e se entende sen prexuízo das actuacións, sancións ou multas que puideran proceder no ámbito urbanístico.

Normas comúns de aplicación específica ás bonificacións recollidas nos apartados 5 e 6 deste artigo:

· As bonificacións establecidas neses apartados teñen carácter rogado, debendo solicitar do pleno da corporación a declaración de especial interese ou utilidade municipal, cuxa aprobación requirirá maioría simple.

· A declaración de especial interese ou utilidade municipal aprobada en pleno quedará automaticamente sen efecto, sen necesidade de novo acordo en contrario, no caso de que as obras que se realicen non se axusten á licenza concedida, así como no caso de caducidade da licenza.

· Notificarase á persoa interesada que a declaración de interese ou utilidade municipal queda sen efecto, así como a bonificación, a fin de que no prazo dun mes presente a declaración complementaria que corresponda. Transcorrido ese prazo sen presentar a declaración, o suxeito pasivo incorrería en infracción tributaria.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN.

1. O imposto esixirase en réxime de autoliquidación.

2. Cando se presente unha comunicación previa ou declaración responsable, ou no seu caso se conceda a licenza preceptiva ou cando, non presentada unha comunicación previa ou declaración responsable, nin solicitado, concedido ou denegada a devandita licenza preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra, o interesado deberá presentar autoliquidación segundo o modelo determinado polo Concello e simultaneamente procederá a ingresar en fondos municipais a cota que resulte. A devandita autoliquidación se presentará no prazo dun mes a contar desde a data de presentación da comunicación previa ou declaración responsable, ou no seu caso desde o día seguinte a recepción da notificación da concesión da licenza.

No caso de obras nos que o suxeito pasivo sexa unha administración pública conforme a definición do artigo 2.3 da lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público, o prazo de ingreso será dun mes contado desde a notificación da adxudicación do contrato de obras e, en todo caso no prazo máximo dun mes desde o comezo daquelas.

A autoliquidación a que se refire este apartado practicarase utilizando como base impoñible a que resulte do orzamento presentado polas persoas interesadas para a execución das obras ou instalacións. Non obstante, para as construcións de nova planta ou ex novo, a base impoñible determinarase de acordo coas normas para a determinación da base impoñible que figuran no Anexo da presente ordenanza fiscal.

3. Os Servizos de Urbanismo comunicarán aos departamentos do Servizo de Xestión Tributaria que corresponda os actos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable, ou no seu caso de concesión de licenza para actividades suxeitas a tributación, achegando unha copia do orzamento presentado polas persoas interesadas no proxecto correspondente.

4. No caso de que non se executen as obras, construcións ou instalacións a persoa interesada terá dereito á devolución do ingresado de conformidade co disposto na Lei xeral tributaria para o procedemento de devolución de ingresos, previa solicitude de renuncia á licenza que se tramitará polo Servizo de Urbanismo ou declaración de caducidade. Igualmente terá dereito á devolución do ingresado unha vez formule expresa renuncia nos supostos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable.

5. Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa modificará, no seu caso, a base impoñible a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Cando se produza calquera circunstancia que modifique o custo real e efectivo das obras, construcións ou instalacións que serviu de base para a determinación da cota tributaria, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar, no prazo dun mes, declaración complementaria e a ingresar simultaneamente o importe que resulte.

As devolucións, cando procedan, axustaranse ao procedemento establecido para as devolucións de ingresos.

2025/105

Número de anuncio 2025/105